

EXPT: Nº 14L/2015 – E.L.-PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVICIOS 2015 (PPOS 2015): OBRA DE "ACONDICIONAMENTO DA ZONA DE APARCAMENTO DA PRAIA DE AREAS".

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

En data 18 de decembro de 2015, por resolución da Alcaldía, adxudicouse o contrato da obra do "Acondicionamento da zona do aparcamento da Praia de Areas", á "CONSTRUCCIONS, OBRAS E VIAIS SA (COVSA)", polo prezo de 38.124,81 Euros (IVE engadido).

O 5 de xaneiro de 2016, e co número de entrada 037, foi recibido neste concello, informe subscrito polo Xefe de Servizo da Estación Fitopatolóxica Areeiro, pertencente á Deputación Provincial de Pontevedra, á petición da Concelleira de Medio Ambiente e Contorno Rural, no que en relación ao estado das árbores situadas no aparcamento da Praia de Areas, informa que se atopan en perfecto estado e se aconsella a eliminación do asfalto e a súa substitución por terra ou outro material poroso.

Á vista do informe da Deputación Provincial de Pontevedra, a Concelleira de Medio Ambiente e Contorno Rural en data 19 de xaneiro de 2015, propón o que a continuación se transcribe:



"PRIMEIRO: Que se deixe sen efecto a resolución de adxudicación da execución das obras de "Pavimentación da zona de aparcamento da Praia de Areas", á empresa CONSTRUCCIONS, OBRAS E VIAIS SA (COVSA).

SEGUNDO: A redacción dunha modificación do proxecto orixinal ou dun novo proxecto que recolla as recomendacións contempladas no citado informe.

TERCEIRO: En relación á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra para a execución desta obra, publicada no Boletín Oficial da Provincia en data 2 de xaneiro de 2015. De conformidade co apartado décimo primeiro das bases reguladoras do plan provincial de obras e servizos 2015, se comunique esta incidencia ao departamento correspondente da Deputación."

O 19 de xaneiro de 2015, CONSTRUCCIONS, OBRAS E VIAIS SA (COVSA), empresa adxudicataria das obras de "Pavimentación da zona de aparcamento da Praia de Areas", presenta neste concello e con entrada número 440, escrito de renuncia á adxudicación do contrato, unha vez recibido oficio da Alcaldía, de data 19 de xaneiro de 2016, e co

número de saída 163, co que se achega copia da proposta da Concelleira de Medio Ambiente e Contorno Rural, sinalada con anterioridade

En base a todos os antecedentes expostos, e á vista da proposta da Concelleira de Medio Ambiente de data 19 de xaneiro de 2015, en uso das súas atribucións, esta Alcaldía resolve:

PRIMEIRO: Aceptar a renuncia formulada por Jesús Fontán Piñeiro, que actúa en nome e representación de "CONSTRUCCIONS, OBRAS E VIAIS SA (COVSA)", e en consecuencia, deixar sen efecto a resolución de adxudicación das obras de "Pavimentación da zona de aparcamento da Praia de Areas", á empresa CONSTRUCCIONS, OBRAS E VIAIS SA (COVSA).

SEGUNDO: Redactar unha modificación do proxecto orixinal ou dun novo proxecto que recolla as recomendacións contempladas no informe subscrito polo Xefe de Servizo da Estación Fitopatolóxica Areeiro, pertencente á Deputación Provincial de Pontevedra.

TERCEIRO: Comunicar ao Servizo de Cooperación da Deputación Provincial de Pontevedra, estas incidencias, de acordo co sinalado na base Décimo primeira das reguladoras do Plan Provincial de Obras e Servizos 2015 (PPOS 15).

CUARTO: Notificar a presente resolución á CONSTRUCCIONS, OBRAS E VIAIS SA (COVSA), e ao Enxeñeiro Técnico Municipal, José María Troncoso Viñas, designado como Técnico Director das obras de "Pavimentación da zona de aparcamento da Praia de Areas"

Dada en Sanxenxo a vinte de xaneiro de dous mil dezaseis.

O Alcalde Accidental



David Otero Domínguez

ante min, o Secretario Xeral



Ángel Luis López Pita